

DEBUXO ARTÍSTICO

Cualificación: Cuestión 1ª = 5 p.; cuestión 2ª = 5 p.

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo onde interveñan tres prismas de base rectangular de distintos tamaños; un deles deberá estar superposto ós outros dous, o foco lumínico situarase á esquerda dos corpos. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de claroscuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha interpretación libre da seguinte obra de SANZIO de URBINO, Rafael, 1504: *San Xurxo e o dragón*.



OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo onde interveñan un prisma de base rectangular e dous cubos; un dos cubos deberá estar situado sobre o prisma. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de claroscuro.

2.2. Con técnica libre e realizando, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando graficamente o texto seguinte:

“Miro, ó principio, o val deserto, tan estraño e soberbio, á luz do sol matinal que incendia coma fachicos os seus picos de granito vermello, sobre un fondo de nubes negras, rachadas, rápidas, en fuga cara ó norte. Alá, no alto, roxe a tormenta aínda, en tanto que, abaixo, o aire repousa inmóbil.”

PIERRE, Loti (2000). El Desierto. De Alejandría a las puertas de Jerusalén. Barcelona: Abraxas, páx. 38.

DEBUXO ARTÍSTICO

Cualificación: Cuestión 1ª = 5 p.; cuestión 2ª = 5 p.

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo de dous cubos e un prisma de base cadrada, onde un dos cubos deberá estar situado diante do prisma. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de claroescuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), crear unha interpretación libre da seguinte obra de SANZIO de URBINO, Rafael, 1504: *Os desposorios da Virxe*.



OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo onde interveñan dous prismas de igual tamaño e base rectangular e un cubo; o cubo deberá estar situado diante dun dos prismas. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de claroescuro.

2.2. Con técnica libre e realizando, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando graficamente o texto seguinte:

“De camiño, chegamos a un lugar onde as montañas entre as que avanzabamos abríanse e formaban un val sen fin, inmenso, perfectamente chairo e moi fermoso; máis alá do val víase a montaña santa de Deus, o Sináí”.

EGERIA (Nobre dama do século IV), *“Diario de viaxe”*